



I PLAN DE IGUALDADE CONCELLO DE TEO

ÍNDICE

1. [Presentación](#)
2. [Fundamentación xurídica](#)
 - a. [Ámbito comunitario](#)
 - b. [Ámbito estatal](#)
 - c. [Ámbito rexional](#)
 - d. [Ámbito local](#)
3. [Demarcación xeográfica](#)
4. [O plan](#)
 - a. [Área de actuación 1: cooperación e implicación sociopolítica](#)
 - b. [Área de actuación 2: educación](#)
 - c. [Área de actuación 3: información e sensibilización](#)
 - d. [Área de actuación 4: violencia de xénero](#)
 - e. [Área de actuación 5: formación e emprego](#)
 - f. [Área de actuación 6: saúde integral e promoción da inclusión](#)
 - g. [Área de actuación 7: cultura, ocio e deporte](#)
 - h. [Área de actuación 8: desenvolvemento sostíbel](#)
5. [avaliación](#)



PRESENTACIÓN

Desde o concello de Teo véñense desenvolvendo nos últimos anos unha serie de actividades que teñen unha clara orientación cara o desenvolvemento e mellora da situación da muller no noso ámbito.

Estas actividades estanse levando a cabo desde distintos departamentos do Concello aínda que non estean agrupados baixo un criterio integrador. Algúns deles son:

- os proxectos PROXIMITAS e EQUAL, en colaboración coa Axencia de Desenvolvemento Local en materia de formación e integración laboral das mulleres
- o fomento de actividades coas distintas asociacións que están funcionando actualmente no concello, que ascenden a día de hoxe a un total de 70 que se enmarcan en distintos eidos, desde asociacións de mulleres rurais ata asociacións culturais e deportivas
- os proxectos conxuntos de actividades deportivas en colaboración co Departamento de Cultura, Educación e Deportes
- a colaboración coa Policía Local no seguimento de ordes de distanciamento no caso de mulleres maltratadas
- as distintas actividades formativas especificamente dirixidas ás mulleres para o achegamento ao manexo de novas tecnoloxías que se desenvolven na Aula de Informática do Concello
- posta en marcha e seguimento do programa *“Ruptura de parella, non de familia”*, a través dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e que está dirixido a parellas en situación de separación legal

É por todo isto que se fai necesaria a agrupación de todas estas actividades e de moitas máis que se poden realizar para que se fagan ao abeiro dun Plan de Igualdade Municipal, onde sexan recollidas por medio de obxectivos específicos dentro de cada área e das actuacións pertinentes que leven á consecución destes obxectivos.



Para a realización do Plan de Igualdade Municipal teremos en conta que a poboación feminina deste concello é maioritariamente rural, a pesar de que a súa proximidade xeográfica con Santiago de Compostela fai que os núcleos poboacionais que están máis preto desta urbe (Os Tilos, Montouto e algúns núcleos de Cacheiras) teñan unhas características principalmente urbanas. Atopámonos pois nun contorno moi diverso, no que as necesidades de preocupacións da poboación son radicalmente distintas e toda esta diversidade de pensamentos e actuacións debe quedar reflectida neste, que será o I Plan de Igualdade Municipal de Teo.

Así mesmo terase en conta a información estatística e poboacional existente no concello a través do Instituto Galego de Estatística e do Instituto Nacional de Estatística.

Tamén se terá en conta toda aquela información que chega por outras canles e que contribúe a clarexar un pouco máis a situación feminina no noso ámbito, como pode ser aquela que chega de organizacións sociais e culturais, asociacións de mulleres ou profesionais de servizos de atención sanitaria que poidan atoparse máis en contacto coa realidade e as necesidades deste colectivo.

Tomando como referencia o artellamento do IV Plan de Igualdade de oportunidade das mulleres galegas 2002-2005, en vixencia no momento actual, tentaremos adecuar as necesidades propias aos obxectivos e áreas de traballo que nel se establecen, tendo en conta que o 2006 traerá consigo un novo plan para as mulleres galegas que poderá modificar o presente proxecto municipal.

Somos conscientes de que nos atopamos ante un proxecto ambicioso, pero que emprendemos con ilusión e dispostos a aprender dos nosos propios erros, e precisamente pola cantidade de metas que nos marcamos establecemos un período temporal longo (5 anos) para acadar os obxectivos deste plan.

O alcalde,

Armando U. Blanco Martínez



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A consideración da muller atópase nestes intres nun proceso de profundo cambio, de evolución desde unha situación de desigualdade tradicional con respecto aos homes ata a igualdade formal á que chegamos na actualidade. Non obstante, ata que esa igualdade de formas se converta en igualdade real queda un longo camiño que percorrer, de aí a importancia de todas as propostas que poidan contribuír a mellorar a situación.

O principio de igualdade xa quedou establecido na Constitución Española de 1978 e nos últimos anos obsérvase unha preocupación na sociedade que levou a que se abrisen mecanismos e propostas desde diferentes organismos, organizacións e institucións de cara á consecución de logros que fagan efectiva dita igualdade.

A nivel europeo é fundamental a elaboración de sucesivos plans de igualdade, nos que se foron delimitando obxectivos e avaliando a súa consecución ao longo de períodos temporais concretos.

Desde a creación do Instituto da Muller puxéronse en marcha tres plans de igualdade. O primeiro, cunha vixencia de dous anos (1988-1990) orientábase cara un obxectivo estritamente legal de eliminación das discriminacións que permanecían vixentes na nosa lexislación. O segundo, de 1993 a 1995, tivo como obxectivo prioritario a promoción e desenvolvemento de medidas de acción positivas en educación, formación e emprego. Por último, o III Plan para a igualdade de oportunidades (1997-2000) foi concibido para impulsar o aumento da implicación das mulleres na toma de decisións e promover a integración da dimensión de igualdade na elaboración, aplicación e seguimento de todas as políticas, medidas e accións realizadas. Este punto de vista é o que se coñece como principio de mainstreaming e sobre o cal se articula o IV Plan de igualdade entre homes e mulleres en vixencia na actualidade (2003-2006).



Considérase o mainstreaming de xénero como *“a organización (reorganización) a mellora, o desenvolvemento e a avaliación dos procesos políticos, de xeito que unha perspectiva da igualdade de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de medidas políticas”*.

ÁMBITO COMUNITARIO

As medidas máis recentes da Unión Europea de promoción de igualdade de oportunidades, son o IV Plan de igualdade entre homes e mulleres (2003-2006), a Estratexia marco comunitaria sobre a igualdade de homes e mulleres (2001-2005) e o Programa de acción comunitario sobre a estratexia comunitaria en materia de igualdade entre mulleres e homes.

A Estratexia marco comunitaria sobre a igualdade entre homes e mulleres (2001-2005) ten como obxectivo establecer un marco de actuación que permita integrar a cuestión da igualdade en todas as actividades comunitarias, de maneira que estas axuden a alcanzar o obxectivo de eliminar as desigualdades e promover a igualdade entre homes e mulleres.

Na estratexia marco todas as iniciativas comunitarias relacionadas coa igualdade estarán explicitamente relacionadas cun ou varios dos seguintes ámbitos de intervención: vida económica, igual participación e representación, dereitos sociais, vida civil e roles e estereotipos establecidos en función do sexo.

Mediante decisión do Consello de 20 de decembro de 2000 establécese un programa de acción comunitaria co fin de promover a igualdade mediante a asistencia e o apoio á estratexia marco comunitaria.

Este programa ten como obxectivos fundamentais promover e difundir os valores e prácticas nos que se basea a igualdade, mellorar a comprensión de conceptos como discriminación



directa e indirecta, discriminación múltiple e outras e fomentar o intercambio de información e boas prácticas e o establecemento de redes de nivel comunitario.

ÁMBITO ESTATAL

A Constitución Española sinala no seu artigo 14 que non pode prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Así mesmo, encárgalle aos poderes públicos que sexan eles os responsables de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas (artigo 9).

En canto ás competencias relativas ás garantías de igualdade o artigo 149 da constitución establece que o Estado ten competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todas as persoas españolas no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

O organismo encargado de velar pola igualdade no ámbito nacional é o Instituto da Muller. Trátase dun organismo autónomo, dependente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través da Secretaría Xeral de Asuntos Sociais.

Ten como finalidade, por unha banda promover e fomentar as condicións que posibiliten a igualdade social de ambos sexos e, por outra, a participación da muller na vida política, cultural, económica e social. É, polo tanto, o organismo do Goberno Central encargado de promover as políticas de igualdade entre homes e mulleres.



ÁMBITO REXIONAL

Actualmente en todas as comunidades autónomas existen organismos de igualdade de oportunidades, se ben a dependencia orgánica dos mesmos, a ostentación ou non de personalidade xurídica propia, a existencia ou non dun orzamento independente e, en definitiva, a súa autonomía fan que exista unha gran disparidade entre o alcance das políticas de igualdade dunhas comunidades a outras.

No caso de Galicia contamos co Servizo Galego de Igualdade, organismo de carácter autónomo adscrito á Consellaría de Familia, Xuventude e Voluntariado, creado pola Lei 3/1991 de 14 de xaneiro.

O Servizo Galego de Igualdade realiza ao longo do ano múltiples actividades e programas, atopándose entre as súas funcións primordiais a de velar polo cumprimento do principio de igualdade na elaboración da nova lexislación en todos os ámbitos e promover, coordinar e avaliar medidas e programas de igualdade de oportunidades desenvolvidos por deputacións e concellos, entre outras.

Contamos desde o ano 2004 en Galicia coa Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, ao abeiro da cal se aglutinan unha serie de medidas dirixidas á consecución da igualdade e á eliminación das discriminacións por razón de sexo, sendo de especial relevancia neste ámbito o Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres (CIM) e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento.



ÁMBITO LOCAL

As competencias que poden asumir as entidades locais veñen establecidas no artigo 137 da Constitución Española: os municipios, provincias e comunidades autónomas teñen autonomía para xestionar os seus propios intereses. Esta autonomía exercerase sempre dentro do marco de ordenamento, de tal maneira que é a lei a que concreta este principio.

Delimitando este precepto atopamos a Lei de base de réxime local, que no seu artigo 25.2 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas respectivas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos cidadáns, establecendo unha serie de competencias propias que se complementan con outras delegadas ou compartidas.

Conclúese así que a promoción da muller no eido local dependerá fundamentalmente da vontade política e da existencia de recursos dispoñibles.



DEMARCACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Teo, cunha superficie de 79,3 quilómetros cadrados conta na actualidade cunha poboación total de 17165 habitantes, dos cales 8751 son mulleres, supoñendo unha porcentaxe do 51% sobre a poboación total (fonte: Censo Municipal, ano 2005).

A porcentaxe de mulleres supera lixeiramente á de homes no rango de idade de 20 a 29 anos (754 mulleres e 736 homes), no de 45 a 49 anos (18 mulleres máis ca homes), pero os datos verdadeiramente significativos comezan no rango de idade que vai desde os 60 anos en adiante, onde a presenza feminina é considerablemente máis alta ca masculina. Neste rango de idades hai no concello un total de 1797 mulleres fronte a 1293 homes.

A media de idade das mulleres do concello é de 40,4 anos e a dos homes de 37,7.

O paro rexistrado segundo datos da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do ano 2004 era dun total de 448 mulleres desempregadas, das cales 58 eran menores de 25 anos. A porcentaxe de paro feminino é superior á masculina nun 15,6%.

A idade media de maternidade no concello é de 31 anos (fonte IGE, ano 2002), o que reflicte unha tendencia xeneralizada a que se retrase cada vez máis a idade para ter o primeiro fillo, sendo a media do número de fillos por muller 1,2 e o número de membros da familia de 3,3.

No que respecta ao nivel de estudos, a taxa de analfabetismo é tamén máis elevada no caso das mulleres (1,6) con respecto á dos homes (0,7) correspondendo este dato á poboación a partir dos 16 anos (fonte INE, 2001).

As mulleres con estudos superiores superan aos homes lixeiramente xa que hai 67 máis ca homes nesta circunstancia (fonte IGE, 2001). Hai moitas máis mulleres ca homes con estudos de Maxisterio namentres que a porcentaxe prodúcese á inversa no caso da formación técnica e industrial.



Obsérvase un aumento gradual no número de fillos de nais solteiras, pasando de 6 no ano 1996 a 21 no ano 2002 (fonte IGE, INE) dun total de 130 nacementos. Destas 130 nais unha

porcentaxe moi elevada son nais activas (72%), o que pode explicar en certa maneira o retraso na idade media de embarazo anteriormente mencionado.

O PLAN

ÁREA DE ACTUACIÓN 1 – Cooperación e implicación sociopolítica

Obxectivo 1: acadar a implicación dos políticos para o desenvolvemento e implantación de políticas de igualdade.

Actuacións:

- a) velar pola incorporación da dimensión de igualdade nos proxectos políticos
- b) creación dunha Concellaría da Muller

Obxectivo 2: dotar ao persoal técnico do concello de formación en materia de igualdade.

Actuacións:

- a) formar ao persoal técnico do concello nun uso da linguaxe non sexista na documentación administrativa que redactan.
- b) Incluir a variable sexo nos estudos e estatísticas que se realizan no concello.

Obxectivo 3: promover o asociacionismo feminino

Actuacións:

- a) realizar campañas de sensibilización sobre a conveniencia de formar parte de asociacións
- b) apoiar a creación de novas asociacións de mulleres
- c) facilitar o acceso a espazos das dependencias municipais para a realización de actividades.



ÁREA DE ACTUACIÓN 2: Educación

Obxectivo 1: potenciar a educación na igualdade de oportunidades ao longo de todas as etapas educativas, implicando a todos os axentes sociais que interveñen no eido educativo.

Actuacións:

- a) promover programas de educación en igualdade nos centros educativos
- b) realizar actividades de sensibilización no ámbito escolar.

Obxectivo 2: incorporar a perspectiva da igualdade de xénero aos procesos de orientación educativa.

Actuacións:

- a) promover o encontro entre o profesorado e o persoal orientador cos pais e nais do alumnado
- b) realizar actividades formativas para o profesorado e o persoal orientador

Obxectivo 3: promover o proceso de educación en igualdade en persoas adultas.

Actuacións:

- a) poñer en funcionamento a Escola de Pais
- b) sensibilizar á poboación adulta sobre a necesidade de aprender a compartir as tarefas domésticas



ÁREA DE ACTUACIÓN 3: Información e senbilización

Obxectivo 1: proporcionar ás mulleres a información suficiente sobre os recursos dos que poden dispoñer.

Actuacións:

- a) posta en funcionamento do Centro de Información á Muller
- b) Coordinación de todas as actividades que se levan a cabo no concello no ámbito da muller desde os distintos departamentos.

Obxectivo 2: sensibilizar á poboación do concello sobre a situación de desigualdade que sofren as mulleres.

Actuacións:

- a) realización de foros e debates entre as distintas asociacións existentes no concello
- b) realización e divulgación de estudos que se levan a cabo de forma periódica

ÁREA DE ACTUACIÓN 4: violencia de xénero

Obxectivo 1: sensibilizar á poboación xeral sobre a problemática da violencia de xénero.

Actuacións:



- a) elaboración de folletos e trípticos nos que se informa dos recursos cos que contan as mulleres nesta situación tanto a nivel municipal como autonómico
- b) elaboración dun programa de prevención da violencia sexual contra as mulleres e a súa posterior difusión

- c) realización de campañas divulgativas sobre as consecuencias do maltrato para a muller e para a familia e os custos sociais e económicos que implica
- d) promover a coordinación entre o persoal do concello que desenvolve o seu labor nos casos de violencia de xénero

Obxectivo 2: potenciar a formación dos axentes socializadores que interveñen na violencia de xénero

Actuacións:

- a) facilitar a comunicación fluída entre o persoal implicado nestes casos establecendo reunións periódicas
- b) facilitar a formación continua para profesionais implicados na atención a vítimas de violencia de xénero.

Obxectivo 3: promover a inserción laboral das mulleres vítimas de malos tratos e dotalas dunha rede de apoio social.

Actuacións:

- a) realización de cursos de habilidades sociais e autoestima
- b) fomentar a relación entre as mulleres que se atopan nesta situación a través de reunións periódicas ou grupos de autoaxuda
- c) realización de cursos específicos de busca para mulleres en situación de violencia doméstica.

ÁREA DE ACTUACIÓN 5: Formación e emprego



Obxectivo 1: promover a formación das mulleres.

Actuacións:

- a) analizar as necesidades formativas existentes no concello
- b) facilitar o acceso das mulleres ás novas tecnoloxías a través dos cursos programados na Aula de Informática do Concello.

- c) Continuación de proxectos de formación vixentes cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Obxectivo 2: promover a inserción laboral estable das traballadoras.

Actuacións:

- a) Levar a cabo xuntanzas cos responsables das empresas que teñen a súa sede no concello
- b) Incentivar a contratación feminina
- c) Promover a formación continua das traballadoras como método de reciclaxe profesional

Obxectivo 3: fomentar a participación das mulleres na actividade empresarial.

Actuacións:

- a) Proporcionar información sobre subvencións e axudas para a creación de empresas con titularidade feminina
- b) Desenvolver accións de apoio desde o concello para a promoción e difusión empresarial e a creación de redes empresariais

Obxectivo 4: sensibilizar a poboación do concello sobre a necesidade de conciliación de vida familiar e laboral.

Actuacións:

- a) realizar campañas de sensibilización sobre a conveniencia de compartir as tarefas domésticas entre homes e mulleres

Obxectivo 5: proporcionar información ás traballadoras sobre os seus dereitos laborais.



Actuacións:

- a) ofrecer charlas informativas sobre a lexislación vixente en materia de conciliación
- b) realizar actividades de información sobre o réxime de permisos, licenzas e excedencias por razóns familiares, así como os relativos á maternidade/paternidade
- c) instar ao establecemento de medidas de flexibilidade de horarios en empresas do concello.

ÁREA DE ACTUACIÓN 6: Saúde integral e promoción da inclusión social

Obxectivo 1: potenciar hábitos de vida saudables e favorecer o autocoidado de mulleres.

Actuacións:

- a) formación de persoal formador e mediador para crear na poboación hábitos de vida saudables
- b) realizar actividades informativas sobre aspectos preventivos da saúde
- c) reforzar hábitos hixiénicos saudables
- d) eliminar hábitos tóxicos para a saúde

Obxectivo 2: reforzar a realización de programas en relación cos problemas de saúde que máis preocupan á poboación do concello e os que teñen máis incidencia sobre a mesma.

Actuacións:

- a) facer estudos estatísticos sobre os problemas de saúde e trastornos que máis afectan á nosa poboación separados por xénero
- b) proporcionar información sobre o Programa de detección precoz do cancro de mama
- c) facilitar apoio psicolóxico ás mulleres enfermas de cancro de mama que o precisen a través do Centro de Información á Muller
- d) promover a educación sexual nos centros educativos a través de obradoiros e actividades
- e) proporcionar información sobre saúde sexual: prácticas de risco, prevención de embarazos non desexados, etc...
- f) proporcionar información sobre prevención de riscos laborais



Obxectivo 3: detección de necesidades de colectivos en proceso de exclusión social.

Actuacións:

- a) realización de estudos sobre a poboación con risco de exclusión social e colectivos minoritarios no concello
- b) promover medidas que lles faciliten a estes colectivos a incorporación á vida no concello

ÁREA DE ACTUACIÓN 7: Cultura, ocio e deporte

Obxectivo 1: difusión de actividades culturais que se levan a cabo no concello.

Actuacións:

- a) proporcionar información das actividades de carácter cultural (representacións teatrais, obradoiros de marionetas, etc...) que se levan a cabo no concello.

Obxectivo 2: favorecer a participación das mulleres nas actividades de ocio, deporte e tempo libre.

Actuacións:

- a) incentivar ás mulleres a que formen grupos teatrais e demais actividades de carácter lúdico onde poidan adoptar un papel protagonista
- b) fomentar a afección á lectura como actividade de tempo libre

Obxectivo 3: fomentar a presenza e participación das mulleres do concello en actividades deportivas.

Actuacións:

- a) levar a cabo accións de sensibilización nos centros educativos para unha elección non sexista das actividades deportivas
- b) incentivar as rapazas para que continúen coa práctica deportiva



ÁREA DE ACTUACIÓN 8: Desenvolvemento sostible

Obxectivo 1: promover as condicións que garantan unha maior calidade de vida mediante a transformación do contorno ambiental, tendo en conta as diferenzas existentes entre o medio urbano e rural que conviven neste concello.

Actuacións:

- a) sensibilizar e informar á poboación sobre a necesidade e beneficios de respectar o medio natural
- b) promover o consumo e a produción de produtos reciclados
- c) potenciar a reciclaxe dos residuos domésticos no fogar
- d) adecuar os espazos e os transportes públicos ás necesidades das persoas con mobilidade reducida
- e) mellorar a rede de transportes públicos entre as distintas zonas do noso concello co obxecto de que todas as usuarias dos nosos servizos poidan ter acceso a eles

Obxectivo 2: incorporar a perspectiva de xénero no deseño de políticas ambientais e urbanísticas e a promoción da participación activa nos procesos de toma de decisións neste ámbito.

Actuacións:

- a) desenvolver accións formativas sobre xénero e ambiente dirixidas aos profesionais que traballan na Oficina Técnica do Concello
- b) impulsar o acceso das mulleres a novas ocupacións relacionadas co ambiente natural, reforzando a formación no manexo de novas tecnoloxías



AVALIACIÓN

A avaliación permítenos saber que se está a facer, se o que se fai é coherente co obxectivo que se quere acadar ou se hai que facer modificacións nese senso.

O máis importante da avaliación, que se fai a través duns indicadores tanto cualitativos como cuantitativos, é saber ata que punto existe unha discordancia entre aquilo que pretendemos facer e a realidade do que se acada finalmente e, analizando os procesos poder localizar e corrixir os erros (avaliacións dos resultados).

A avaliación debe ser participativa, por consenso e interactiva e nela deben implicarse tanto as persoas destinatarias da acción coma o persoal encargado de planificala e executala. Interésanos coñecer o grao de cumprimento da acción e a coherencia entre aquela e os obxectivos relacionado, así como os recursos humanos e económicos implicados.

Así pois, os obxectivos xerais da avaliación serán os seguintes:

1. analizar os recursos e servizos existentes, tanto públicos como privados, co fin de mellorar a súa calidade
2. descubrir novas necesidades que non se atopan contempladas na elaboración do presente plan
3. empregar a avaliación como fonte de información obxectiva da realidade circundante



4. Os resultados da avaliación permitirán coñecer os erros cometidos e solucionarlos en planificación posteriores

A primeira tarefa necesaria para a implantación do plan consistirá na creación dunha estrutura organizativa na que deberán participar todos os axentes municipais implicados nas accións previstas.

Deberase nomear un/ha coordinador/a xeral de igualdade, que será quen determine as reunións precisas entre o persoal técnico para avaliar tanto as accións previstas no plan coma a recollida de información. Así mesmo determinarán os indicadores que farán posible dita recollida dunha maneira organizada e efectiva para a súa posterior análise.

Os indicadores serán determinados individualmente para cada obxectivo ou acción segundo criterio da persoa responsable da análise dos mesmos, sendo os máis básicos os seguintes:

- número de cursos
- número de actividades
- número de reunións
- entidades e/ou mulleres beneficiadas
- número de horas de formación impartidas
- número de campañas
- número de folletos, carteis e trípticos editados
- características dos cursos
- perfís das destinatarias
- calidade da formación
- etc.



CONCELLO DE TEO